

Poboación

Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2024

	Poboación a 1 de xaneiro de 2024	Poboación a 1 de xaneiro de 2023	Saldo			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.705.833	2.699.424	-18.778	23.337	2.401	6.960
España	48.619.695	48.085.361	-113.590	642.296	0	528.706

Fontes: Elaboración propia a partir de datos INE (Censo anual de Poboación, Estadística de Migracións e Cambios de Residencia (EMCR)/ Movemento Natural de Poboación- Indicadores Demográficos Básicos (MNP-IDB) (Datos provisionais)

(Nota 1: Os valores de saldo vexetativo, saldos migratorios interior e exterior e poboación obtense de fontes separadas e segundo criterios metodolóxicos que non coinciden con exactitude. A pesar diso inclúense na mesma táboa dado o reducido grao de diverxencia nos datos obtidos (diverxencia no saldo total <0,05% da poboación total))

Segundo datos facilitados polo INE, en 2023 a poboación en Galicia incrementouse en preto de 7.000 persoas, o que supón o segundo ano consecutivo no que se rexistrou aumento da poboación na Comunidade, (incremento aproximado do 0,25%). Este incremento deriva do saldo migratorio, tanto interior como principalmente exterior, que foi quen de compensar o saldo vexetativo negativo (-18.778 persoas, o maior de España en termos absolutos e o segundo en termos relativos tras Asturias).

O incremento da poboación en España ficou ao redor das 530.000 persoas (incremento aproximado do 1,10%). Tamén neste caso o incremento débese ao forte aumento da migración exterior, que compensou o saldo vexetativo rexistrado en 2023 de -113.590 persoas, o que supuxo que, aínda que dito saldo foi menos negativo ao do ano precedente, 2023 fose o cuarto ano consecutivo cun saldo vexetativo negativo superior ás -100.000 persoas.

Produto interior bruto


Nota 2: O pasado 04.09.2024 o INE publicou a Revisión Estatística 2024 das Contas Nacionais, que trae a estimación definitiva de impacto sobre o PIB para o ano de referencia 2020 -o que fai que 20201 pase a substituír ao ano 2015 como ano de referencia- e afectará a todos os valores posteriores ao dito ano.

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España

	% (TIT-4)	2018	2019	2020	2021	2022	2023	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23	4T23	1T24	2T24	3T24
Galicia		3,4	1,2	-8,4	8,4	4,5	2,2	3,5	3,8	3,0	3,4	2,4	1,2	0,8	0,4	-3,8	-18,3	-6,1	-5,1	0,0	20,5	7,5	7,4	6,2	5,7	3,2	2,9	3,6	1,5	1,8	2,0	2,5	2,5	2,8
España		2,4	2,0	-11,0	7,3	6,2	2,7	2,7	2,3	2,3	2,2	2,4	2,1	1,7	1,7	-4,2	-21,5	-9,1	-9,0	-2,9	19,8	5,4	6,7	6,9	7,3	6,1	4,6	3,9	2,4	2,2	2,3	2,6	3,2	3,3

Fontes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

O PIB galego no terceiro trimestre de 2024 medrou en 0,8 puntos porcentuais respecto do anterior, o que o levou a un incremento de 2,8 puntos en termos interanuais, tal e como estaba previsto. O PIB en España para o mesmo período medrou tamén en 0,8 puntos porcentuais respecto do trimestre anterior e, en termos interanuais, a variación do PIB español se sitúa no 3,3%, unha décima por baixo das previsións.



O Gráfico 1, que amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual, reflicte que, logo de que a pandemia alterase a evolución do crecemento económico dun xeito extremo -con fortes caídas do PIB interanual durante cinco trimestres consecutivos, e incrementos tamén superiores ao habitual durante os nove trimestres seguintes- desde o segundo trimestre de 2023 os valores do incremento do PIB tanto en Galicia como en España están a ser comparables aos que se estaban a producir nos trimestres previos á chegada do Covid-19. O PIB interanual leva catro trimestres consecutivos medrando respecto do dato interanual do trimestre precedente tanto en Galicia como en España.

As previsións avanzadas para o cuarto trimestre de 2024 recollen un 0,8% de suba do PIB en España respecto do anterior trimestre e un incremento do 3,5% en termos interanuais. As previsións para o cuarto trimestre en Galicia aínda non están dispoñibles ao peche da elaboración deste Boletín.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Nota 3: Desde o 19.04.2024 a EPA incorpora as cifras do Censo de Población y Viviendas de 2021, motivo polo que se actualizaron os datos dos anos 2021, 2022 e 2023 coa base poboacional 2021.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 4º Trimestre 2024

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.262,7	-9,2	-0,7	11,9	1,0
España	24.453,3	-123,8	-0,5	202,8	0,8

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do cuarto trimestre de 2024 recolle a diminución da **poboación activa** galega en -9.200 persoas (o -0,7%) respecto do anterior, mentres que en España reduciuse no -0,5% logo de que a poboación activa diminuíse en 202.800 persoas. Con respecto do cuarto trimestre de 2023 tanto a poboación activa galega (1,0%) como a española (0,8%) amosaron crecemento, aínda que un pouco máis intenso en Galicia.

O número de persoas ocupadas en Galicia reduciuse en -6.100 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o -0,5%), mentres que en España a ocupación incrementouse en 34.800 persoas, o que en termos porcentuais supuxo un incremento inferior ao 0,2%. Respecto da situación fai catro trimestres a ocupación en Galicia aumentou en 17.400 persoas (máis do 1,5%) e en España fíxoo en 468.100 persoas, ou case o 2,2%. Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia ao remate de 2024 ata o 48,9%, taxa superior en unha décima de punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en 3,4 puntos porcentuais á taxa do 52,3% rexistrada en España ao remate do ano, o que supón unha redución no diferencial entre España e Galicia dunha décima de punto porcentual.

Para rematar coa análise da EPA, e polo que atinxe ao número de persoas en paro, as 109.400 persoas en paro en Galicia segundo a Enquisa supoñen unha redución do paro no trimestre de -3.100 persoas, diminución que en termos porcentuais acadou o -2,7%, mentres que o número de persoas en paro en España reduciuse no trimestre nun total de -158.600 persoas paradas menos (o -5,8%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o paro baixou en Galicia en termos interanuais en -5.500 persoas, o que supón unha diminución interanual do -4,8%, inferior á rexistrada en España, onde o descenso do paro respecto ao cuarto trimestre de 2023 foi de -265.300 persoas (o -9,3%). Deste xeito a taxa de paro en Galicia fica por baixo do 8,7% mentres que a española pasou a ser de preto do 10,6%.


Os Boletíns mensuais do paro rexistrado indican que no cuarto trimestre de 2024 o **paro rexistrado** diminuíu en preto do -2,7% (-3.254 persoas) respecto do terceiro, con incremento do paro rexistrado en outubro e descensos en novembro e decembro. En comparación coa situación ao remate do cuarto trimestre de 2023 a redución rexistrada acadou o -8,2%, superior en oito décimas á redución interanual producida ao remate do trimestre anterior. O Gráfico 2, -que amosa a evolución da porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado, e no cal os meses dos cuartos trimestres

aparecen sinalados na cor canela- indica que o paro rexistrado leva 45 meses consecutivos de redución interanual e tamén que ditas reducións mantivéronse entre o -7,0% e o -8,5%, en liña co rexistrado en trimestres pasados

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 4º Trimestre 2024

4T24	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
TOTAL	122.214	121.742	118.838	1.222	-472	-2.904	1,0%	-0,4%	-2,4%	-11.134	-9.426	-10.666	-8,3%	-7,2%	-8,2%
Homes	50.808	51.081	50.678	1.354	273	-403	2,7%	0,5%	-0,8%	-4.241	-3.616	-4.033	-7,7%	-6,6%	-7,4%
Mulleres	71.406	70.661	68.160	-132	-745	-2.501	-0,2%	-1,0%	-3,5%	-6.893	-5.810	-6.633	-8,8%	-7,6%	-8,9%
<30 anos	13.994	13.967	13.101	202	-37	-856	1,5%	-0,3%	-8,1%	-1.544	-1.054	-1.207	-9,9%	-7,0%	-8,4%
entre 30 e 44 anos	33.802	33.454	32.677	352	-348	-777	1,1%	-1,0%	-2,3%	-3.742	-3.410	-3.856	-10,0%	-9,3%	-10,6%
>44 anos	74.418	74.331	73.060	668	-87	-1.271	0,9%	-0,1%	-1,7%	-5.848	-4.962	-5.603	-7,3%	-6,3%	-7,1%
Agricultura e Pesca	3.793	3.823	3.769	188	30	-54	5,2%	0,8%	-1,4%	-495	-540	-617	-11,5%	-12,4%	-14,1%
Industria	11.874	11.666	11.532	92	-208	-134	0,8%	-1,8%	-1,1%	-1.358	-1.263	-1.548	-10,3%	-9,8%	-11,8%
Construción	7.741	7.671	7.827	-41	-70	156	-0,5%	-0,9%	2,0%	-1.054	-1.179	-1.131	-12,0%	-13,3%	-12,6%
Servizos	87.148	87.071	84.772	881	-77	-2.299	1,0%	-0,1%	-2,6%	-7.785	-6.241	-6.903	-8,2%	-6,7%	-7,6%
Sen emprego anterior	11.658	11.511	10.938	102	-147	-573	0,9%	-1,3%	-5,0%	-442	-203	-467	-3,7%	-1,7%	-4,1%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Xunta de Galicia



de decembro as baixas foron máis intensas, de xeito especial entre as persoas traballadoras máis novas, nas que a baixada intertrimestral superou o -6%. En termos interanuais os tres grupos de idade continuaron a rexistrar descensos no paro rexistradoo, máis intensos en outubro e menos intensos en novembro. O grupo de idade intermedia foi o que rexistrou as maiores diminucións do paro rexistrado durante os últimos doce meses, e foi o de maior idade o que amosou menor redución.

Respecto do paro rexistrado nos distintos sectores de actividade, para cada sector houbo subidas e baixadas no paro rexistrado mes a mes, e mesmo hai sectores nos que o paro rexistrado aumentou no trimestre (agricultura-pesca e construción) e outros nos que diminuíu (industria, servizos, grupo sen emprego anterior) O sector da construción destaca por ser o único no que o paro rexistrado diminuíu en outubro e tamén o único no que aumentou en decembro. Pola súa banda, o sector primario foi o único no que o rexistro de parados e paradas aumentou en novembro, aínda que cómpre sinalar que as variacións no paro rexistrado foron de pequeno calado (<2% nun e noutro senso) nese mes. Respecto do acontecido fai catro trimestres as reducións no paro rexistrado no sector primario mantivéronse entre -11% e -14% mentres que as reducións na industria e na construción foron superiores ás amosadas en termos interanuais fai tres meses, ao ficar entre preto do -10% e o por riba do -13%. As reducións no sector servizos, o máis numeroso, ficaron por baixo do -7% en novembro pero o superaron en outubro e decembro. Entre o grupo de persoas sen emprego anterior, tanto outubro coma de xeito especial decembro (-4,1%) racharon coa tendencia de desaceleración que see viña a observar nos meses precedentes.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2024

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
4T2024	173.865	-40.505	-18,9%	3.371	2,0%
Homes	86.306	-26.185	-23,3%	1.194	1,4%
Mulleres	87.559	-14.320	-14,1%	2.177	2,5%
<30 anos	61.836	-22.524	-26,7%	4.532	7,9%
entre 30 e 44 anos	60.740	-10.082	-14,2%	-2.016	-3,2%
>44 anos	51.289	-7.899	-13,3%	855	1,7%
Indefinido	55.922	-4.656	-7,7%	2.970	5,6%
Temporal	115.184	-36.826	-24,2%	775	0,7%
Prácticas / Formación	2.617	1.265	93,6%	-205	-7,3%
Outros	142	-288	-67,0%	-169	-54,3%
Agricultura e Pesca	4.949	-3.543	-41,7%	38	0,8%
Industria	25.600	-2.859	-10,0%	727	2,9%
Construción	5.837	-1.903	-24,6%	175	3,1%
Servizos	137.479	-32.200	-19,0%	2.431	1,8%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

As edicións do Boletín mensual da contratación para os meses de outubro a decembro de 2024 recollen a sinatura de 173.865 novos contratos, número que supón unha redución de preto do -19% aos asinados entre xullo e setembro En termos interanuais a contratación aumentou no 2%, co que se rexistra un aumento neste parámetro por segundo trimestre consecutivo tras nove trimestres consecutivos nos que se rexistraba diminución da contratación respecto do acontecido catro trimestres atrás.

No que atinxe á distribución por sexos dos novos contratos, a diferencia entre o número de novos contratos asinados por homes e por mulleres foi moi cativa a favor delas (50,4% do total asinado fronte ao 49,6%). Porén, a porcentaxe de novos contratos asinados reduciuse entre os homes en máis de nove puntos porcentuais do que o fixo entre as mulleres con respecto ao trimestre anterior. Na

comparanza cos datos do cuarto trimestre de 2023 o número de contratos novos aumentou tanto entre os homes como entre as mulleres, pero no caso das mulleres o fixo en máis dun punto porcentual respecto aos novos contratos rexistrados para os homes.

Por rangos de idade, e ao revés do que sucedera no terceiro trimestre, a redución da nova contratación foi máis intensa entre as persoas menores de 30 anos (preto do -27%), único grupo de idade para quen o número de novos contratos reduciuse por riba do incremento medio, con reducións máis parellas para os outros grupos de idade (e de case a metade en termos porcentuais). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o número de novos contratos asinados diminuíu tan só no rango intermedio de idades. Entre os rangos nos que aumentou dito número destacan os contratos asinados con menores de 30 anos, único grupo no que o aumento no número de novos contratos asinados (de preto do 8%) superou o incremento medio.

A sinatura de novos contratos diminuíu en todos os sectores de actividade respecto do terceiro trimestre e o fixo por riba da redución media en todos eles salvo no sector industrial. Destaca polo volume da redución o -41,7% do sector primario, o que supón un comportamento habitual no trimestre logo do incremento estacional que adoita a suceder no terceiro trimestre. De feito, as porcentaxes na redución intertrimestral dos novos contratos asinados son bastante similares ás que adoitan a ter lugar no cuarto trimestre do ano. Por outra banda, indo xa á evolución da contratación respecto ao cuarto trimestre de 2023, dicir que a contratación aumentou para todos os sectores de actividade, se ben de xeito cativo, con incrementos na construción e na industria un punto por riba da media, e un punto por baixo no caso da agricultura-pesca.

Para rematar coa análise da contratación e atendendo ao tipo de contrato asinado pódese apreciar o mantemento do xa observado no terceiro trimestre no que atinxe ao forte incremento da contratación en prácticas/formación e a forte redución da categoría de Outros. Os contratos indefinidos se reducen de xeito relativamente suave (menos do -8%) e os temporais o fan en preto dunha cuarta parte respecto dos asinados no terceiro trimestre de 2024. Respecto do cuarto trimestre de 2023 os contratos indefinidos foron os que medraron máis tras facelo por riba do 5% e os temporais o fixeron

	Afilación media mensual 4º trimestre 2024 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
Galicia	1.083.376	1.081.121	1.079.573	-2.470	-2.255	-1.548	-0,23%	-0,21%	-0,14%	15.523	17.555	17.290	1,45%	1,65%	1,63%
España	21.332.513	21.302.463	21.337.962	134.303	-30.050	35.499	0,63%	-0,14%	0,17%	514.856	496.389	501.952	2,47%	2,39%	2,41%

Gráfico 3: Variación porcentual interanual da afiliación media á Seguridade Social Galicia-España (outubro 2019 - decembro 2024)

Sinistralidade

	2023	2024	% Var
Leves	19.998	19.402	-3,0
Graves	265	305	15,1
Mortais	37	42	13,5
Total	20.300	19.749	-2,7

	Accidentes con baixa en xornada		
	2023	2024	% Var
Agric.-pesca	1.372	1.331	-3,0
Industria	5.298	4.924	-7,1
Construción	3.222	3.132	-2,8
Servizos	10.408	10.362	-0,4
Total	20.300	19.749	-2,7

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	27	0	4.237	-8.098	7.737	-11.860
España	601	-44	191.897	-46.931	620.027	-182.333

	TOTAL						DESPEIDIDOS COLECTIVOS						SUSPENSIÓN DE CONTRATOS						REDUCCIÓN DE JORNADAS					
	Valores absolutos		Variación respecto año anterior				Valores absolutos		Variación respecto año anterior				Valores absolutos		Variación respecto año anterior				Valores absolutos		Variación respecto año anterior			
	Absolutas	En %					Absolutas	En %					Absolutas	En %					Absolutas	En %				
Galicia	8.428	-4.295	-34%			1.319	211	19%			6.774	-5.426	-44%			335	-94	-22%						
España	122.778	-25.553	-17%			23.520	3.938	20%			92.387	-28.975	-24%			6.871	-760	-10%						

evolución dos ERE por tipo de expediente advírtese que, en contra da tendencia principal sinalada no parágrafo anterior, os despedimentos colectivos aumentaron con forza: un 19% en Galicia e un 20% en España, aumentos que corroboran as tendencias xa observadas desde 2023. Foron os ERE de redución de xornadas (-22% en Galicia e -16% en España) e, sobre todo, os de suspensión de contratos -por ser estes últimos os que afectan á meirande parte dos traballadores en ERE e tamén por ser os que rexistraron diminucións máis fortes, do -44% en Galicia e do -24% en España- os principais responsables da diminución de persoas traballadoras afectadas por este expediente.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia, 2018-2024

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
2023	2.670,7	4,7	20,8	5,1	1.952,5	3,4	15,2	3,7
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,6	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.686,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2
3T23	2.618,8	4,9	21,1	4,5	1.901,2	3,6	15,3	3,3
4T23	2.821,1	4,2	22,6	6,8	2.095,8	2,9	16,8	5,5
1T24	2.718,1	0,4	20,9	9,8	1.965,6	-3,5	15,1	9,9
2T24	2.815,7	4,8	21,3	3,5	2.062,8	5,0	15,6	3,7
3T24	2.752,6	5,1	22,9	8,5	1.997,0	5,0	16,6	8,4

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

no terceiro trimestre do ano en Galicia medraron respecto aos do terceiro trimestre de 2023 nun 8,5% e nun 8,4% respectivamente. No caso de España tamén o fixeron, aínda que en porcentaxes inferiores (o 5,4% os custos laborais e o 5,1% no caso dos custos salariais). Deste xeito, tanto os custos laborais como os salariais por hora efectiva medraron por riba dos custos totais por persoa traballadora en mes tanto en España (nun pouco máis dun punto) como en Galicia (en máis de tres puntos porcentuais).

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2024

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.019	33.863,0	142	-34,1%	114	-8,8%
Sociedades que ampliaron capital	260	66.646,3	29	-10,5%	26	-23,1%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

trimestre anterior, e en preto do -9% con respecto ao cuarto trimestre do ano 2023. O número de sociedades que ampliaron capital tamén aumentou respecto do terceiro trimestre e fíxoo nunha porcentaxe superior ao 12%. Respecto do cuarto trimestre do ano anterior o número de sociedades que ampliaron capital medrou en máis dun 11%. Se atendemos ao capital ampliado, este baixou con respecto do anterior trimestre nun -10% e en máis do -23% con respecto ao que acontecera fai catro trimestres.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 4º Trimestre 2024

	4T24	3T24	4T23
Sociedades disolvidas	435	228	364
Sociedades que redución capital	71	62	67
Sociedades en situación concursal	70	55	71

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Rexistráronse catro procesos de escisión de empresas, os mesmos que no trimestre anterior e dous menos que no terceiro trimestre do pasado ano, mentres que os procesos de fusión ficaron en 23 fronte aos 19 do terceiro trimestre do ano e os 17 de fai catro trimestres.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Logo de rematar o ano 2024, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 32 ditames sobre normativa laboral autonómica, 22 menos dos emitidos durante o ano 2023.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante 2024 tiveron entrada no AGA 130 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 34 menos das que foron recibidas no 2023. Entre as 82 mediacións e arbitaxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (21 menos que no mesmo período de 2023), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 63,4%. Así mesmo, durante período proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello presta apoio e asistencia. En 2024 tiveron lugar na sede do Consello 51 xuntanzas de comisións negociadoras, paritarias, de prevención de riscos laborais e de grupos de traballo que afectaron a 10 Convenios colectivos de sector. Dous destas comisións negociadoras de sector (Instalacións deportivas e Ximnasios de Galicia e Pompas Fúnebres de Galicia) asinaron un novo convenio colectivo de sector nesta sede durante 2024.

Para rematar, neste trimestre clausuráronse a VII edición do Curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral en colaboración coa Universidade de Vigo e a I Edición do Curso de Especialización en Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial do Traballo e da Seguridade Social e tiveron lugar un novo Seminario destinado a cadros sindicais e empresariais dedicado ao rexistro de acordos na plataforma online Regcon, así como a presentación do Estudo sobre a situación xurídico-laboral dos Servizos de Axuda no Fogar en Galicia, elaborado por encargo deste Consello polo Departamento de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela.

•Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalla de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

